



DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA : EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN : Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 804 100

<http://bop.depontevedra.es>

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 873 400

Depósito Legal: PO -1-1958

MARTES 15 JUNIO

AÑO 2010

Núm. 112

SUMARIO

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN Tesorería General de la Seguridad Social.....	<i>Pág.</i> 2
---	----------------------

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA Delegación Territorial de Pontevedra	<i>Pág.</i> 11
--	-----------------------

ADMINISTRACIÓN LOCAL

Provincial

Diputación Provincial.....	<i>Pág.</i> 11
----------------------------	-------------------

Municipal

Vigo	13
Bueu	24
Caldas de Reis	24
Cangas	29
Cotobade	32
A Estrada	34
Forcarei	35
O Grove	35
Lalín	35
Marín	36
As Neves	37
Moraña	39
Redondela	41
Tui	41
Vilaboa	41

<i>Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño</i>	<i>Pág.</i> 42
---	-------------------

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

Tribunal Superior de Justicia de Galicia Sala de lo Social	<i>Pág.</i> 42
Juzgados de Primera Instancia e Instrucción De Vigo	43
Juzgados de lo Social De Pontevedra	43
De Vigo	46
De Sevilla	53
De Las Palmas de Gran Canaria	53
De Ourense	53
De Lugo	54
De Jerez de la Frontera (Cádiz)	54
De Madrid	56

VER NOTA IMPORTANTE EN ÚLTIMA PÁGINA

2. A bolsa será incompatible co desempeño de calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a natureza desta última.
3. O beneficiario/a da bolsa comprometerase a observar o horario de traballo e a disciplina do Concello de As Neves co fin de promover o labor do persoal do centro e sen que iso implique relación de traballo laboral remunerado.
4. A aceptación e goce de dita bolsa non establece ningunha relación laboral nin funcional co Concello de As Neves, non implicando en consecuencia ningún compromiso para unha posterior incorporación ou vinculación posterior de dito bolseiro/a a este organismo.
5. Esta Entidade suscribirá unha póliza de accidentes para o beneficiario/a de dita bolsa durante o período de vixencia da convocatoria.
6. O bolseiro/a terá que aceptar por escrito as normas e obrigas establecidas nas bases reguladoras desta convocatoria.
7. O bolseiro/a xustificará documentalmente o cumprimento de tódolos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
8. O bolseiro/a deberá desenvolver a actividade obxecto de colaboración cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos e informes que determine o Concello.
9. O bolseiro/a presentará o Concello de As Neves como máximo trinta días antes da finalización da bolsa, unha memoria explicativa das labores realizadas neste organismo, quedando supeditado o abono da última mensualidade a presentación da mesma.
10. Ademais das obrigas mencionadas nos apartados anteriores, estarán suxeitos ós deberes que, con carácter xeral, se establecen no artigo 14 da Lei xeral de subvencións. Así mesmo, estarán os bolseiros obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Administración.
11. En caso de renuncia do bolseiro/a, ésta deberá ser comunicada por escrito cunha antelación mínima de 15 días.

NOVENA.—INTERPRETACIÓN DAS BASES

As dúbidas que puideran xurdir durante a fase do concurso e da vixencia da bolsa serán resoltas pola Comisión de Selección, previo informe da Secretaría-Interventora deste Concello.

DÉCIMA.—RÉXIME XURÍDICO

A convocatoria da bolsa e a selección dos bolseiros/as, así como a realización dos traballos que dan dereito ás mesmas, suxeitaranse ó previsto nas presentes Bases e ademais se estará ó disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime

Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común modificada pola lei 4/1999, e demáis lexislación aplicable.”

As Neves, a 14 de maio de 2010.—O Alcalde-Presidente, Raúl Emilio Castro Rodríguez. **2010006155**

* * *

MORAÑA

E D I C T O

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 04-06-2010, o presuposto municipal para o exercicio económico de 2010, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poida formularse as reclamacións que se consideren oportunas.

Moraña, 5 de xuño de 2010.—O Alcalde, José A. Eiras Paz. **2010006424**

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2010.

1ª.—OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións en réxime de libre concorrencia para fomentar as actividades que no eido da cultura, educación e o deporte promovan persoas xurídicas, asociacións e entidades sen ánimo de lucro, consideradas de interese social para o Concello de Moraña.

2ª.—BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria, as persoas xurídicas, asociacións ou entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio social no Concello de Moraña.
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.
- Estar válidamente constituída e rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Carecer de fins de lucro.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda económica co Concello de Moraña.

3ª.—PROGRAMAS SUBVENCIONABLES

Poderanse solicitar subvencións para as seguintes actividades:

- a) Actividades de promoción e cooperación cultural, formativas ou similares.
- b) Actividades de promoción do deporte ou realización de eventos deportivos.

4ª.—CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIONES

O conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que vaia a desenvolver o beneficiario.

As subvencións que serán financiadas con cargo ás partidas 32.480 e 33.480, terán un límite máximo de 18.000,00 euros.

5ª.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes e documentación a presentar para cada actividade, será a seguinte:

- Instancia individualizada para cada actividade, asinada polo representante legal.
- Certificado da conta bancaria.
- Certificado da tesourería municipal conforme se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias coa facenda do Concello de Moraña.
- Declaración do representante legal da entidade solicitante no que conste as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade.
- Memoria explicativa das accións que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de celebración, obxectivos perseguidos e estimación de beneficiarios da mesma.
- Orzamento de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos en unidades e prezos(coas facturas proformas que correspondan).
- Memoria das actividades realizadas pola Asociación no ano 2009.

6ª.—PRAZO DE PRESENTACIÓN

A instancia coa restante documentación presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Moraña, no prazo de 30 días contados desde o día seguinte ó da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase ós interesados para que no prazo de dez días enmen-den as anomalías advertidas, procedéndose no caso contrario ó arquivo da solicitude.

7ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES**Baremo**

Os criterios de valoración serán os seguintes:

- a) Interese xeral da actividade no ámbito municipal, cunha puntuación máxima de 5 puntos.
- b) Número de beneficiarios, cunha valoración máxima de 4 puntos.
- c) Actividades realizadas no exercicio de 2009, cunha valoración máxima de 2 puntos.
- d) Volume de subvencións concedidas á actividade para a mesma fanilidade, cunha valoración máxima de 1 punto.

8ª.—ESTUDIO E CONCESIÓN DE SUBVENCIONES.

A tramitación do expediente de concesión de subvencións será o seguinte:

- 1º. Informe da Comisión Informativa Municipal de Cultura, Educación e Turismo.
- 2º. Resolución do Pleno.

9ª.—ACEPTACIÓN DA SUBVENCION E COMPROMISOS

Os beneficiarios das subvencións, unha vez recibido o acordo de concesión, disporán dun prazo de 15 días para aceptar expresamente a mesma e comprometerse a destinala á actividade subvencionada.

10ª.—PATROCINIO

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, etc., mención expresa do patrocinio do Concello de Moraña.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E COBRO.

Os beneficiarios das subvencións deberán xustificar a realización das actividades antes do día 30-11-2010, excepto aquelas que se desenvolvan no mes de decembro, que disporán de prazo ata o día 27-12-2010.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- Memoria explicativa da actividade realizada.
- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
- As facturas deben ser orixinais ou fotocopia compulsada.
- Declaración do representante legal das subvencións recibidas para a actividade.

O pagamento das subvencións farase unha vez sexan informadas pola Intervención e aprobadas polo Pleno.

12ª.—REINTEGRO

No caso de incumprimento da finalidade da subvención o falsidade dos datos aportados no expediente, o beneficiario procederá ao reintegro das cantidades recibidas e cos seus correspondentes intereses.

Moraña, 6 de maio de 2010.—O Alcalde, José A. Eiras Paz. **2010006423**

* * *

REDONDELA

Aprobado provisoriamente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria do día 1 de xuño de 2010, o orzamento xeral correspondente ao exercicio do ano 2010, cumprindo o disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo (BOE número 59, do 09.03.04), e 20.1 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (BOE número 101, do 27.04.90), expónse ao público durante 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Durante o prazo indicado as persoas que teñan a consideración legal de interesados poderán examinar o expediente e presentar, por escrito, reclamacións ante o Pleno.

Se no período de exposición ao público non foran presentadas reclamacións, o orzamento xeral considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario.

Redondela, 1 de xuño de 2010.—O alcalde, Xaime Rei Barreiro. **2010006431**

* * *

T U I

E D I C T O

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria de data 27.05.2010, acordou aprobar de xeito provisional a modificación da ordenanza da “taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello de Tui”, e expoñer o expediente á información pública polo prazo de 30 días, contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP, para os efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas (art. 17 RDL 2/2004 TRLRFL), entendéndose definitivamente adoptado o acordo no caso de non presentarse reclamacións.

Tui, 28 de maio do 2010.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. **2010006445**

VILABOA

ADXUDICACIÓN OBRAS

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) ORGANISMO: Concello de Vilaboa.
- b) DEPENDENCIA QUE TRAMITA O EXPEDIENTE: Secretaría.
- c) NÚMERO DE EXPEDIENTE: C-03/10
- d) ENDEREZO DO PERFIL DO CONTRATANTE: www.vilaboa.org

2.—OBXECTO DO CONTRATO:

- a) TIPO DE CONTRATO: Obra.
- b) DESCRIPCIÓN: Centralización y mejora de las redes de alumbrado público de varios lugares del municipio para la reducción del consumo energético.

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

- a) PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.
- b) TRAMITACIÓN: Urgente.

4.—ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

IMPORTE TOTAL: 172.742,36 €.

5.—ADXUDICACIÓN:

- a) DATA: 07/05/2010.
- b) CONTRATISTA: Emilio Rodríguez Pazos S.L.
- c) IMPORTE NETO: 147.985,82 €.
- d) IVE: 23.667,73 €.
- e) IMPORTE TOTAL: 171.663,55 €.

Vilaboa, 1 de xuño de 2010.—O Alcalde, José Luis Poceiro Martínez. **2010006437**

A N U N C I O

ADXUDICACIÓN OBRAS

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) ORGANISMO: Concello de Vilaboa.
- b) DEPENDENCIA QUE TRAMITA O EXPEDIENTE: Secretaría.
- c) NÚMERO DE EXPEDIENTE: C-05/10
- d) ENDEREZO DO PERFIL DO CONTRATANTE: www.vilaboa.org

2.—OBXECTO DO CONTRATO:

- a) TIPO DE CONTRATO: Obra.
- b) DESCRIPCIÓN: Acometidas a la red municipal de saneamiento en el Ayuntamiento de Vilaboa (Pontevedra).

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

- a) PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade
- b) TRAMITACIÓN: Urgente

4.—ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

IMPORTE TOTAL: 142.694,96 €.

5.—ADXUDICACIÓN:

- a) DATA: 27/05/2010
- b) CONTRATISTA: Excavaciones Miñán y Santos s.l.
- c) IMPORTE NETO: 123.012,89
- d) IVE: 19.682,06
- e) IMPORTE TOTAL: 142.694,95 €.

Vilaboa, 1 de xuño de 2010.—O Alcalde, José Luis Poceiro Martínez. **2010006438**